



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execucion do proxecto denominado **LMT, CT, RBT DERIVADA FIOLEDA-FIGUEIRA (EXP. 003/2016-AT) (CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS)**

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **12 de decembro de 2019** convócaselles ao pagamento dos predios **3, 4, 6, 8, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 40** na Casa do Concello de Monforte de Lemos segundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir os propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de Decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo 15 de outubro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 3246

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### Anuncio

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 26 de setembro de 2019, adoptou o acordo de aprobación definitiva ó non presentarensse reclamacións contra o expediente de modificación de créditos 10/2019, suplemento de crédito con aplicación de superávit orzamentario e modificación do anexo de inversión. Expediente núm.: 985/2019.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2019, queda fixado segundo se detalla.

Capítulos ORZAMENTO 2019	Consignación antes deste expediente euros.	Aumento suplemento de crédito en euros.	Consignación despois deste expediente euros
1.-Gtos. Personal	1.088.958,27	-	1.088.958,27
2.-Gtos. Bens	1.360.463,73	81.224,00	1.441.687,73
4.-Transf. Ctes.	39.200,00	3.000,00	42.200,00
6.-Inversións reais	642.022,55	5.309,00	647.331,55
7.- Transferencias de capital	-	-	-
<b>Totais</b>	<b>3.130.644,55</b>	<b>89.533,00</b>	<b>3.220.177,55</b>

Becerreá. 28 de outubro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3255

## LUGO

### Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local núm. 25/685, de data 23 de outubro de 2019, **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Que á vista da actualización do IV Plan estratéxico de subvencións mediante acordo 29/421 da Xunta de Goberno Local de data 10 de xullo de 2019, se proceda á convocatoria para o exercicio 2019 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido de Participación Cidadá (Área de Participación e Servizos para a Veciñanza) e **para mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestructuras, nas que se levan a cabo estes programas e actividades-exercicio económico 2019** de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 45.500 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Departamento de Participación Cidadá con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900.

**TERCEIRO.-** Que se proceda á aprobacións das correspondentes bases; esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ(ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA) E PARA MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS, NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES-EXERCICIO ECONÓMICO 2019.**

#### Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Participación e Servizos para a Veciñanza ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro, no eido de participación cidadá para, o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2019, de pequenas reparacións e programas e actividades seguintes:

- Realizar actividades que dispoñan dun programa diversificado ao longo do ano.
- Fomentar a recuperación de tradicións locais.
- Desenrolar actividades culturais, formativas, educativas, preventivas, etc e todas aquelas que fomenten o civismo e a convivencia.
- Desenrolar actuacións tendentes a mellora das condicións de vida dos cidadáns e das cidadanas.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 8 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento e demais normativa legal de aplicación.

#### Artigo 2. Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundación ou calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social. No momento da solicitude da subvención, este aspecto poderá quedar acreditado para estes efectos, coa declaración responsable incluída no Anexo IV destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das certificacións ás que se refire o párrafo f) do artigo 10 destas bases.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da Participación Cidadá.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación realizada pola Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2019.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.
- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

### Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2019 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Partida orzamentaria	Importe
Atención e Participación Cidadá	92400.48900	45.500€

### Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

- As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) ( artigo 17.3b, 18 e 20.8)

- O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS NATURAIS**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Asimesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)), debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

### Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

#### a) Asociacións inscritas no Rexistro municipal de asociacións

- Solicitud, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar as diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo desta representación.

- Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nen está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de persoas asociadas correspondentes ao ano 2019.

- No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividade ou programa, deberán presentar unha memoria explicativa, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. segundo

o ANEXO II, que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.

- No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, deberase xuntar unha memoria, segundo o ANEXO III, no que se indicará o equipamento do local, réxime de posesión ou uso, descrición do gasto e xustificación da súa necesidade.
- Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.
- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.
- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.
- Calquera outro documento que se considere de interese para a mellora da avaliación da subvención.

#### **Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Departamento de Atención e Participación Cidadá.

- O procedemento instruírse no Servizo de Atención e Participación Cidadá, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.
- O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo o establecido na base 24 das Bases de execución do presuposto municipal.

#### **- Comisión avaliadora:**

##### **Composición:**

- **Presidenta/e:** Xefa/e da Sección de Atención e Participación Cidadá.
- **Vogal:** Un traballador/a do Concello de Lugo.
- **Secretaría:** Un Funcionario/a da Sección de Participación Cidadá
- Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

**Funcións:** Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

#### **- Órgano instrutor: funcións:**

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.
- O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.
- **Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento.** Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 95% do custo total da actividade. O 5 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

#### Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
Pola elaboración e presentación dun programa diversificado de actividades e/ou actividades con continuidade no tempo.	<b>Ata 2 puntos.</b>
Pola realización de actividades que repercutan favorablemente no cidadáns do barrio, urbanización, pedanía ou da cidade de Lugo en xeral	Ata 2 puntos.
Por actividades de fomento e recuperación da tradicións locais.	<b>Ata 1 punto</b>
Por actividades realizadas fora da localidade que proxecten e difundan a cultura e tradicións de Lugo no exterior.	Ata 1 puntos
Por outras actividades de especial interese.	<b>Ata 2 punto</b>
Pola contratación dos traballos necesarios para a realización das actividades con empresas ou establecementos radicados en Lugo.	<b>Ata 1 puntos</b>
Pola traxectoria, continuidade na realización de actividades, número de persoas asociadas en activo e a especial relevancia e trascendencia social dos actos que desenrole a asociación.	<b>Ata 2 puntos</b>
Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres e/ou a asociación ou entidade conte cunha vogalía ou departamento da muller ou igualdade	<b>Ata 1 punto.</b>
Pola realización de obras de mantemento de quipamentos.	<b>Ata 3 puntos</b>
<b>Puntuación máxima</b>	<b>15 puntos</b>

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 95% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 5% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

#### Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2019.

2. Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: Alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestiario, prestación de servizos culturais e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc. ( no caso de que se aporten facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.

3. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un máximo do 30% do importe da subvención concedida.

4. Non serán subvencionables:

- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas. s facturas e demais documentos de valor probatorio emitidos por membros da asociación que se subvenciona.

#### Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO V para actividades e o ANEXO VI para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos **folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.**

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

No caso de que se xustifique a través de gastos de **desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.**

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO V para actividades e ANEXO VI para mantemento.

c) **Facturas orixinais** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, coa acreditación **do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos iguais o superiores a 2.500,00 €.**

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán

acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

d) Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO VII destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Admón Tributaria, á Facenda Autonómica, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente ( de oficio tras autorización) (ANEXO VIII).

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o ditor equerimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

#### **Artigo 11. Contía para xustificar**

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 5 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ó 5%, refírese ó 5% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade, Así deberán presentar para a súa inutilización para a presentación ante outro axente financiador, mediante o estampillado correspondente os documentos xustificativos polo importe, alomenos do importe da subvención concedida máis o 5% do orzamento presentado. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

#### **Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias**

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.

- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...

- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.

- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2019.

**Artigo 13. Data límite para xustificar**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de decembro de 2019. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

- a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.
- b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

**Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións**

- 1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.
- 2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.
- 3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.
- 4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requerimento adicional.

**Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II, III, IV, V, VI e VII, VIII.****Para solicitar subvención deberán presentar os anexos I,II,III e IV:**

ANEXO I.-Modelo normalizado de Solicitude de subvención

ANEXO II.- Modelo Normalizado de proxecto a cubrir polas persoas solicitantes de subvencións para o desenvolvemento de programas e actividades co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO III.-Modelo Normalizado para gastos de mantemento de conservación e pequenas reparacións de infraestruturas, co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO IV.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

**Para xustificar a subvención, deberán presentar os ANEXOS V, VI, VII, VIII :**

ANEXO V.- Modelo Normalizado de Memoria constando os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do programa ou actividade.

ANEXO VI.- Modelo Normalizado de Memoria cos ingresos e gastos levados a cabo en mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que a entidade desenvolve a súa actuación.

ANEXO VII.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.



**ANEXO I**



**ANEXO I.- ANEXO I.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA OU PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓN S DAS INFRAESTRUTURAS NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS NA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS DA VECIÑANZA. EXERCICIO ECONÓMICO 2019.**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

**DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE**

NOME:		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN/AGRUPACIÓN? <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si (indicar a cal):			

Importe da subvención solicitada (en euros)	
---	--

**DATOS DO PROGRAMA PARA O QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:**

NOME:

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

Lugo,....de ..... de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS:

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante.
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- Certificación da conta bancaria da sociación.
- Declaración responsable para os efectos de solicitar (ANEXO IV).
- Declaración responsable da/o secretaria/o da entidade, co visto e praxe da/o presidenta/o da entidade, no que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos dela.
- Fotocopia do CIF da asociación ou institución que representa
- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia, no do Estado ou en ambos os dous.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións dependente da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que as acredite como tal.
- Documentación acreditativa das súas normas, fins, obxectivos...

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

Cando os obxectivos das subvencións sexan programas de actividades:

- Memoria do programa de actividades, relación gastos/ingresos (ANEXO II)

Cando o obxecto da subvención sexan os gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento:

- Memoria da necesidade do gasto (ANEXO III).

**ANEXO II****MODELO NORMALIZADO DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2019**

DENOMINACIÓN:-----

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS: detallando, se procede:

1.- Número persoas destinatarias, idade aproximada das persoas beneficiarias, número de homes e mulleres, calendario/duración do proxecto, lugar previsto para a realización das actuacións

2.- Continuidade no tempo

3.- Repercusión nos asociados/as e na cidadanía en xeral

4.- Fomento e recuperación das tradicións locais

5.- Especial interese da actividade ou programa

6.- Contratación de traballos necesarios para a realización das actividades con empresas ou establecementos radicados en Lugo

Si( explicar)

Non

7.- Traxectoria da Asociación

**ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR:**


**ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR**


Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: \_\_\_\_\_

ANEXO III

MODELO NORMALIZADO DE PROXECTO A CUBRIR POLAS PERSOAS SOLICITANTES DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACÍONS DE INFRAESTRUCTURAS EXERCICIO 2019.

-Breve explicación do gasto proposto:\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Xustificación da necesidade do gasto\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Breve descripción das actividades que a entidade vai desenvolver durante o presente exercicio económico:

a) Localización: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

-Breve descripción do local onde se vai facer o gasto ( núm. de m2. núm. de habitáculos, distribución)\_\_\_\_\_

b) Equipamento actual:\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

c) Réxime de posesión ou tenza do local:\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR:**


## ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR.


Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO IVMODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.<sup>a</sup>.....provista/o do NIF nº.....en  
 calidade de (presidenta/e, secretaria/o...) de.....con enderezo  
 social en.....de Lugo e con CIF nº.....  
 .....

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- SI  
 NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2019, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO
TOTAL		

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2018.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:\_\_\_\_\_

ANEXO V (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA QUE SE LEVOU A CABO DURANTE 2019.

- Denominación: \_\_\_\_\_  
- Descrición pormenorizada das actuacións levadas a cabo ( en que consistiu exactamente a actividade para a que se lle concedeu a subvención)

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Interese xeral desta. \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Explicar, de ser o caso, carácter permanente e continuo da actividade ou programa.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Explicar, de ser o caso, orixinalidade e carácter innovador \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Explicar que se trata de actuacións dirixidas a colectivos no eido da cultura.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

-Explicar e enumerar todos e cada un dos obxectivos acadados

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Colectivo ao que se dirixiron as actuacións \_\_\_\_\_

Especialización na atención aos colectivos aos que se dirixiu a acción subvencionada \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Número de destinatarias/os (persoas beneficiarias directas):

- Idade aproximada das persoas beneficiarias que participaron no desenvolvemento da acción subvencionada \_\_\_\_\_

- Especificar o número de homes e o de mulleres que participaron \_\_\_\_\_

- Calendario/ Duración do proxecto: \_\_\_\_\_

- Lugar no que se desenvolveron as actuacións: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_



- Recursos utilizados para a execución do proxecto:

a) Materiais:

-----  
-----  
-----

b) Humanos:-----

-----

c) Económicos (subvencións/achega socias/os):-----

-----  
-----

O orzamento presentado no seu día ascendía a-----€

O orzamento realmente executado ascende a-----€

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda)

SI

NON

unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*) de-----€. En caso afirmativo especificar os motivos:

-  
-  
-

## ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:


## ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR


Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

**ANEXO VI (XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN)**

**MODELO NORMALIZADO DE ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE MANTENIMENTO CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUCTURAS EXERCICIO ECONÓMICA 2019.**

Breve descrición do gasto en mantemento e reparacións:

-----  
-----  
-----  
-----

Enumerar e explicar pormenorizadamente todos e cada un do obxectivos cumpridos

-----  
-----  
-----  
-----

NÚMERO DE BENEFICIARIAS/OS:

Nº homes

Nº mulleres

Breve descrición das actividades desenvolvidas pola entidade no presente exercicio económico e das que se van desenvolver ata o 31 de decembro de 2019.

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

## ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:


## ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:


Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de  
(DNI, sinatura e selo da entidade)

**ANEXO VII (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)****MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

D.<sup>a</sup>/D.-----provisto do NIF nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o,...) de-----con enderezo social en-----de Lugo e con CIF nº-----

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:**

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI  
 NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de \_\_\_\_\_, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía).

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectúase nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

6.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2019.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade).

Asdo.:\_\_\_\_\_

**CUARTO:** Que se proceda á publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Lugo.

**QUINTO:** Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, trala tramitación regulamentariamente establecida.

**SEXTO:** Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

**Recurso de reposición**, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

**-Recurso Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que **as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, por conduto da BDNS.** O texto íntegro publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Lugo.

Lugo, 23 de outubro de 2019.- A Tenenta de Alcaldesa, ,Mária López Fernández, Área Participación e servizos para a veciñanza.

R. 3227

### Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito - Crédito extraordinario núm 4/2019 do vixente Orzamento Xeral 2019 prorrogado do 2018, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público do acordo inicial de aprobación da mesma, adoptado en sesión plenaria do 26 de setembro de 2019, publicado no BOP nº 227 do 2 de outubro de 2019.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos relativos á modificación aprobada é o seguinte:

#### ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	Importe	CE	SC	
		<b>CAPÍTULO VI</b>			
19RT00016	13200.62400 13300.60900	Vehículo para a unidade de Atestados da Policía Local	100.000,00	100.000,00	
17RT00006		- Obra excavación e formigonado de sinal - Obra reorganización tráfico Avda Coruña	4.356,00 6.277,43		4.356,00 6.277,43
19RT00017	13300.62700	- Elaboración proxecto e estudo tráfico peonaliación Ronda Muralla-Tramo a Mosqueira - Elaboración estudo tráfico por peonaliación Ronda Muralla (Tramo A Mosqueira).	34.000,00 30.000,00	34.000,00 30.000,00	
19RT00018	13300.62300	Material sinalización e redución velocidade	20.000,00	20.000,00	
17RT00008	15100.60900	Certif.Liquidación obras urbanización Avda. Padre Gómez	3.402,27		3.402,27
18LIFEII	15100.62200	Edificio Impulso Verde	227.272,73		227.272,73
18LIFEIINS	15100.62200	IVE non subvencionable Edificio Impulso Verde	47.727,27		47.727,27
17RT00012	15300.61900	-Acondicionamento parcela mun. en San Cibrao.	8.255,53		8.255,53

		-Rexeneración de firme no entorno do Auditorio Gustavo Freire	72.900,00		72.900,00
		- Bionda de madeira de seguridade xunto a talud, e valados de madeira para limitación zona aparcamento no Parking municipal do Hula.	12.000,00		12.000,00
19RT00019	15300.61900	Demolición e renovación de servizos e peonalización e humanización Rúa Quiroga Ballesteros Escultura en Rúa Castelao	1.193.382,61 50.000,00		1.193.382,61
19RT00020	15300.61900	- Pavimentación das rúas da Zona Sur de Lugo - Pavimentación das rúas da Zona Norte de Lugo	250.000,00 250.000,00		
19RT00021	15300.62300	Marquesina aparcadoiro Policía Local San Fiz	22.000,00		
19RT00022	15300.62400	Furgoneta Brigada de obras	40.000,00		
16XX00011	16100.62300	Ampliación rede abastecemento en Orbazai	75.686,76 ( base imponible) IVE tratamento non orzamentario		
19RT00023	16400.63200	-Ampliación do Novo Cemiterio -2 Módulos antigos cuberta nichos -Reconstrución cunetas Cemiterio -Rexeneración e reforzo firme asfáltico no Cemiterio	465.152,66 32.789,31 30.000,00 60.500,00		
19RT00024	16510.61900	Alumeado exterior MIHL	59.064,05		
19RT00025	16510.61903 16510.62300	- A.P. Yáñez Rebolo VSAP 150W por LED 63W. - A.P. Travesías Illas Canarias e Monte Faro  - A.P. Filarmónica Lucense  - A.P. Aviación Española, Roseira e Padre Sarmiento - A.P. Parque Fonte dos Ranchos  - Substitución luminarias en Centro Hco. - Reparación arquetas A.P. zona Centro  - Maquinaria para Serv. Electromecánicos	30.855,00 9.680,00  38.841,00  117.370,00 38.720,00  48.400,00 48.400,00  26.426,40		
19RT00026	17000.62200	4 aseos autolimpiables	240.000,00		
19RT00027	17000.61900	Mellora e acondicionamento Pza. Augas Férreas	200.000,00		
19RT00028	23170.60100	Accesibilidade Conte Fontao. Escalinata	250.000,00		
10UR3105	24140.61900	Honorarios redac.pxto do paseo interior Muralla Romana	3.193,86		
19RT00029	33321.63200	Medidas correctivas nos sistemas escénicos do Auditorio Gustavo Freire	70.000,00		
18XX0042	34290.63200	Liquidación obra céspede artificial no campo mun. de A Cheda	12.090,32		
19RT00030	34290.62200	Campo Césped Gándaras I Campo Césped Gándaras II	250.000,00 250.000,00		
19RT00031	34290.62200	Skate- Park 2 Pistas de Tenis	85.000,00 320.650,00		
19RT00032	45910.61900	Pavimentación de camiños na Zona Rural	500.000,00		
19RT00033	92002.62600	Adquisición 300 PC	319.712,25		
19RT00034	92002.63600	Actualización sistema grabación de Plenos	15.714,27		
19RT00035	92005.62400	Retroexcavadora Pala Excavadora	88.000,00 37.000,00		
19RT00036	92009.62300	Desfibriladores	250.000,00 200.000,00		
19RT00037	93301.63200	-Actuacións de rehabilitación de Edificios Municipais - Renovación instalación eléctrica Edificio Admtvo. - Instalación alimentación emergencia CPD	85.000,00 74.027,00		
		TOTAL	6.703.846,72 €		



Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO II	Importe
13200.22701	Servizo Seguridade Parque de Frigsa	29.785,40
		21.136,49
13300.22799	Servizo Mantemento Sala control de Tráfico Servizo retirada, traslado e depósito de vehículos	100.000,00
13300.22799	Plan de Sinalización Horizontal da Cidade de Lugo	1.087.904,50
15100.22706	Redacción de proxectos e asistencias Técnicas Urbanismo	100.000,00
		17.748,43
15300.21000	Limpeza e cambio de ubicación escultura Xoan Montes	
15300.21300	Materiais Brigada Mun. de Obras	20.000,00
16000.22799	Xestión residuos EDAR	391.700,00
16100.22799	Xestión ETAP	216.785,00
17000.22706	Redación de Proxectos Medio Ambiente	100.000,00
17100.22799	Mantemento zonas verdes públicas	88.896,90
23150.22699	Actividades e programas Servicos Sociais e Maiores	80.000,00
23150.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	12.877,04
23161.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	15.308,41
		12.259,45
23162.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	
23163.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	22.263,23
23164.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	5.429,82
23165.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	14.491,40
23166.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	13.982,98
23167.22799	Animación Sociocultural Centros Convivencia, atención e dinamización	15.467,87
23171.22699	Actividades en prol da igualdade de xénero	50.000,00
23185.22799	Xestión Centro de Día Antonio Gandoy	67.003,84
24100.22699	Actividades Desenvolvemento Local	50.000,00
32381.21200	Mantemento Edificio Serra Outes	3.000,00
32381.22110	Produtos de limpeza e aseo S. Outes	3.000,00
32382.22110	Produtos de limpeza e aseo Gregorio Sanz	3.000,00
32382.22799	Serv. Cociña e comedor E.I.M. Gregorio Sanz	9.760,00
32383.22799	Docencia E.I.M. María Wonenburger	36.322,34
32384.22799	Docencia E.I.M. San Fiz	35.368,02
33000.22699	Programación cultural outono-inverno Cultura	100.000,00
33430.22699	Actividades Xuventude	10.000,00
33802.22699	San Froilán 2019	180.000,00
34100.22799	Serv. Ensinanza deportiva Pedreiras e outras instalacións deportivas	298.759,84
91201.22601	Protocolo e Comunicación	150.000,00
92002.22799	Outros traballos realizados p/outras empresas Servicio de Informática	50.000,00
92008.22001	Gastos de correos	44.196,00
92400.22799	Servicio 010	23.840,00
93200.22708	Xestión Recadatoria municipal	142.684,86
	TOTAL	3.633.331,82 €

Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO IV	Importe
32600.46700	Liquidacións Consorcio Galego Escolas Infantís	102.812,50
32600.46700	Achega mun. Consorcio Galego para construción E.I. Fundac. Amancio Ortega	30.000,00
	TOTAL	132.812,50 €

Aplicación Orzamentaria		Importe
	CAPÍTULO VIII	
42200.87000	Aportación a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo Rocódromo	74.536,00
	TOTAL	74.536,00

ESTADO DE INGRESOS Financiamento

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	10.544.527,04 €

Lugo, 29 de outubro de 2019.- O EXCMO. ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, Rubén Arroxo Fernández.

R. 3267

### Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2019, acordou aprobar os seguintes expedientes:

- 1.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.
- 2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 100, REGULADORA DAS TAXAS POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.
- 3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 103, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.
- 4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 116, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS.
- 5.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 152, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA.
- 6.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.
- 7.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.
- 8.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 202, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.
- 9.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Os citados acordos iniciais estarán expostos ó público durante o prazo de trinta días mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e os expedientes administrativos poderán ser examinados nas dependencias de Facenda Local (Ronda da Muralla 197, 2º andar), para que durante o mesmo prazo os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. A dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última destas dúas publicacións referidas; entendéndose como definitivos os acordos provisionais, de non se presentaren reclamacións a aqueles durante o dito período.

O presente anuncio publícase para os efectos previstos no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 31 de outubro de 2019.- O Secretario Accidental do Pleno, Justo Díaz Rodríguez. A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3298

**PEDRAFITA DO CEBREIRO***Anuncio***CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE MAQUINISTA - DESBROZADOR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax 982367150, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Pedrafita do Cebreiro, 28 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3256

**QUIROGA***Anuncio*

Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 25 de outubro de 2019 aprobáronse as Bases reguladoras da Convocatoria de axuda para estudantes do Concello de Quiroga 2019/2020. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 DIAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ESTUDANTES DO CONCELLO DE QUIROGA 2019/2020****Primeira. Obxecto da convocatoria.**

O obxectivo destas bases é definir o conxunto de condicións e o procedemento a seguir para a aplicación, tramitación, concesión, e xustificación da axuda facilitada polo Concello de Quiroga para os estudos universitarios, masters e educación especial.

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

- Adquisición de libros de texto ou material escolar.
- Matrícula de inscrición.
- Gastos de transporte.

Non se subvencionarán os seguintes gastos:

- Gastos de investimento, é dicir, materiais / bens inventariables, que son aqueles que teñen unha vida útil superior ao ano, que pode ser reembolsable e non consumido na súa totalidade dentro da actividade subvencionada, e tamén cando o seu valor unitario supere os 100,00 euros (IVE incluído) e cando se compren por paquetes e o seu custo supere os 300,00 euros (IVE incluído).
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Gastos bancarios.

**Segunda. Destinatarios/as e requisitos.**

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadado no concello de Quiroga e ser dependente economicamente. Consideraranse dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2019.
- b) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

**Terceira. Solicitudes e documentación necesaria.**

As solicitudes, que irán dirixidas ao Alcalde do Concello de Quiroga, formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais, e debe incluír polo menos a seguinte documentación:

- Fotocopia D.N.I. da persoa que solicita a concesión ou o representante legal, sobre os máis pequenos.

- Datos da unidade familiar. A estes efectos, considérase familia monoparental a definida no artigo 13 da Lei 3/2011.
- Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fora do Concello de Quiroga.
- Documento que xustifique o pago de libros de texto e adquisición de material, en facturas en nome do solicitante ou do representante legal ou titor. Deberá indicarse se están pagadas.
- Xustificación da necesidade dos gastos de transporte.
- Número de conta bancaria certificado. No caso dos menores de idade, é posible presentar o número de conta do representante legal ou titor.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da seguridade social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Autorización ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.
- As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores. No caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén os propios beneficiarios.

#### **Documentación complementaria:**

- Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2019 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.

A presentación da solicitude de subvención supón a plena aceptación destas bases.

#### **Cuarta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.**

- 1) A solicitude presentarase no rexistro xeral do concello de Quiroga, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 2) O prazo de presentación de solicitudes será de **20 DÍAS HÁBILES** contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- 3) Se a documentación presentada é incorrecta ou incompleta, requirirase ao solicitante, por escrito, a súa subsanación, que deberá presentar dentro de dez días hábiles seguinte ao da recepción do requirimento. Se no presenta a documentación requirida, entenderase por desistida a súa solicitude.

#### **Quinta. Valoración das solicitudes**

Na valoración das solicitudes teranse en conta os gastos realizados ou previstos, así como a situación da unidade familiar, entendéndose que compoñen a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2019.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda.
- A familia monoparental, definida no artigo 13 da Lei 3/2011.

En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

Ademais, teranse en conta as seguintes circunstancias, sempre que se acrediten co correspondente certificado:

- Que algún membro da unidade familiar teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Que o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2019.

Se unha unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, ou no caso de percibir pensións non contributivas, deberá acreditala mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto nesta base para a determinación dos membros da unidade familiar.

#### **Sexta. Contía das bolsas**

O concello de Quiroga aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base terceira.

Os importes distribuiranse de forma proporcional ás solicitudes formuladas, tendo en conta o gasto realizado ou o previsible, tanto no que afecta aos gastos de matrícula, inscrición e material escolar, como aos gastos de transporte.

#### **Sétima. Importe máximo e crédito orzamentario**

O importe total para axudas reguladas nestas bases non poderá superar o importe consignado nas correspondentes aplicacións do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2019:

Aplicación Orzamentaria	Concepto	Importe
2019.0.320.480	Subvencións en materia educativa	5.000,00 €

Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso o importe da axuda concedida polo concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas nos cinco anos seguintes.

Levarase a cabo a tramitación anticipada de gasto, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

#### **Oitava. Do procedemento de concesión das axudas**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo, a comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Secretaría-Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Alcaldía, que pode delegar esta facultade na Xunta de Goberno Local. Esta resolución será publicada, así mesmo, no taboleiro de edictos do Concello.

#### **Novena.- compatibilidade**

A percepción destas axudas será compatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

#### **Décima.- comisión avaliadora**

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

- Alcalde ou Concelleira/o en quen delegue
- Concelleira/o de xuventude
- Secretario-Interventor municipal
- Traballadora Social.

#### **Undécima.- xustificación**

A documentación xustificativa presentarse a requirimento do Concello e con carácter previo ao pagamento.

1) Xustificantes esixidos para as axudas de ensino:

<b>Documentación</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Facturas orixinais ou copias cotexadas que acrediten o gasto realizado en material escolar e libros.</li><li>• Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resguardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fora do Concello de Quiroga</li></ul>

2) Xustificantes esixidos para as axudas de transporte:

<b>Documentación</b>
Tickets ou xustificantes do gasto de transporte, ou certificado de asistencia ao centro.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes bases, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 25 de outubro de 2019, entraran en vigor ao día seguinte da data da súa publicación no boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quiroga, 25 de outubro de 2019.- O Alcalde, Julio Alvarez Núñez.

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS A ESTUDANTES CURSO 2019/2020****Datos da/o Solicitante:**

Nome e Apelidos																																							
NIF																																							
Domicilio																																							
Teléfono										Correo electrónico																													
IBAN																																							

**Datos da/o Alumna/o:**

Nome e Apelidos																											
Curso																											
Centro de Estudos																											

**Documentación obrigatoria que se achega (marque cun X)**

- Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora ou alumnado entre 18 e 25 anos).
- Fotocopia, se é o caso, do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Declaración responsable do/da solicitante segundo Anexo II.

**Documentación complementaria que se achega (marque cun X):**

- Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).
- Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2019.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

**Xustificación obrigatoria das axudas de ensino e transporte:**

- Facturas orixinais ou copias cotexadas, ou certificado selado do gasto en material.
- Certificado da matrícula expedido polo centro educativo.

**ANEXO II****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,

con NIF/pasaporte \_\_\_\_\_, alumno solicitante de 18 a 25 anos, ou pai, nai, titor/a do/a, dos/das alumno/a,alumnos/as:


**DECLARA:**

- 1) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2) Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3) Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

**AUTORIZA:**

Ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2019/2020.

Quiroga, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

Asdo.- \_\_\_\_\_

**Propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación das presentes bases e a realización dos trámites oportunos para a realización da convocatoria.**

**Quiroga, 22 de outubro de 2019**

**A Concelleira de Xuventude**



R. 3251

**XERMADE***Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local do 23 de outubro de 2019 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 3º trimestre do 2019, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 2 de novembro ó 31 de decembro de 2019, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 24 de outubro de 2019.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3252

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO 1ª. INSTANCIA E INSTRUCCIÓN N.º 1 CHANTADA***Anuncio***CÉDULA DE NOTIFICACIÓN**

En el procedimiento de referencia se ha dictado la resolución del tenor literal siguiente:

**“FALLO”**

Que debo desestimar y desestimo, la demanda interpuesta por el Procurador Sr Cedron Trigo en nombre y representación de Dª HERMINIA VÁZQUEZ LÓPEZ Y Dª FE VÁZQUEZ LÓPEZ, frente a Dª ISOLINA VÁZQUEZ LÓPEZ Y D. JUAN CARLOS CAMBRONERO VÁZQUEZ, y en consecuencia ABSUELVO a los demandados de todos los pedimentos declarativos y de condena formulados contra ellos.

Las costas procesales se imponen a la parte actora.

Notifíquese la presente resolución a las parte haciéndoles saber que no es firme y, que contra ella, cabe interponer recurso de apelación, del que conocerá la Ilma. Audiencia Provincial de Lugo, y que habrá de ser interpuesto, en su caso, en el plazo de veinte días a contar desde el siguiente de su notificación.

Así por esta mi Sentencia, de la que se deducirá testimonio para su unión a autos, incluyéndose el original en el Libro de las de su clase, lo pronuncia, mando y firmo.

Y como consecuencia del ignorado paradero de JUAN CARLOS CAMBRONERO VÁZQUEZ, se extiende la presente para que sirva de cédula de notificación.

En CHANTADA, a veinticuatro de abril de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA, MARIA DEL CARMEN ÁLVAREZ IGLESIAS.**

R. 3253

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO***Anuncio*

SUBVENCIONES COMPETITIVAS OFICINA DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE LUGO ANO 2019

BDNS (Identif.): 479634

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións.

Primeiro.-Requisitos para ser entidades beneficiarias.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

1) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no municipio de Lugo e figurar inscritas, cunha antigüidade de 3 meses, nos seguintes rexistros:

a) As entidades que teñan a personalidade xurídica de asociación sen ánimo de lucro deberán figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.

b) As entidades que teñan a personalidade xurídica de fundación deberán figurar inscritas nalgún rexistro público de fundación, xa sexa autonómico, estatal ou en ambos os dous.

c) As entidades relixiosas deberán acreditar tal condición a través da inscrición nalgún rexistro público.

Excepcionalmente, cando a actividade teña interese social, económico ou humanitario para as veciñas e veciños do municipio de Lugo, poderanse conceder subvencións a entidades foráneas e non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo. A fundamentación do dito interese acreditarase mediante a achega dunha memoria para o efecto. En todo caso, as actividades ou proxectos financiados a través de subvención municipal deben desenvolverse no termo municipal ou ir dirixidos ás veciñas e aos veciños do concello de Lugo, e redundar nun beneficio para a súa cidadanía.

2) Non ser debedoras da Facenda Pública, Autonómica e Concello de Lugo, e estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.

3) Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4) Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

Quedan excluídas desta convocatoria as asociacións ou entidades que durante o exercicio 2018 perciban outra subvención municipal para o seu desenvolvemento do mesmo ou diferente programa, a excepción das axudas para a celebración das festas do “Lume Novo” nos barrios e parroquias do municipio de Lugo para o ano 2018,” que serán compatibles con estas subvencións.

Segundo.- Bases reguladoras

As bases xerais reguladoras da concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro de carácter veciñal, educativo, profesional e de medio ambiente para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento de equipamentos - exercicio 2018, aprobounas a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo, acordo número 15/636, na sesión ordinaria que tivo lugar o 7 de novembro de 2018, e publicáranse no BOP de Lugo o 13 de novembro de 2018.

Terceiro. Contía

No orzamento municipal para o exercicio 2018 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións para a Oficina de Participación Cidadá, aplicación 92400.48900, por un importe de 45.500. euros.

A concesión ou denegación das subvencións así como a súa cuantificación económica efectuaranse tendo en conta os seguintes criterios:

VALORACIÓN DO PROGRAMA PRESENTADO:

1.- Representatividade: Distribuiranse como máximo 3 puntos en proporción ao número de persoas asociadas.

2.- IGUALDADE : Distribuiranse como máximo 3 puntos:

-Porcentaxe de mulleres na directiva como mínimo ao 50%..... (1 punto).

-Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade ou que todas as súas actividades estean dirixidas á defensa dos dereitos da mulleres .....(1 punto).

-Utilizar unha linguaxe non sexista nas súas comunicacións, carteis, programas, etc..... (1 punto).

Con carácter xeral as asociacións deben comprometerse a non realizar actos ou publicidade que insulten ou agridan ás mulleres, incluídos aqueles actos ou prácticas sexistas que perpetúan unha imaxe estereotipada das mulleres e afianzan a discriminación.

3.- Explicación detallada do proxecto. Informe preciso e detallado de cada unha das actividades para realizar e contías que se deben destinar a elas, debidamente desagregadas. .... Ata 2 puntos.

4.- Gastos de persoal propio da asociación.....Ata 5 puntos:

- 1 persoa empregada media xornada.....1 puntos.
- 1 persoa empregada xornada completa..... 3 puntos.
- 2 ou máis persoas empregadas ..... 5 puntos.

Deberán xustificar con documentación a contratación do persoal que se subvenciona. O límite do gasto presentado por este concepto será o 30% do importe total concedido en concepto de nóminas.

A persoa contratada cuxos gastos salariais se admiten como xustificación deberá estar adscrita á programación e actividades que motivan a concesión da subvención.

O gasto xustificado será incompatible con calquera outro que sirva de xustificación doutros programas subvencionados (Programa municipal de Emprego Con-trato feito...).

- Os gastos salariais que sirvan de xustificación deben ser en concepto de salario base, non en complementos accesorios.

5.- Interese xeral do proxecto presentado no que se valorará:

5.1.- Programas que, tendo en conta as necesidades máis urxentes das persoas ás que se dirixe ou o contorno no que se desenvolven, poidan conseguir unha mellora nas súas condicións de saúde, laborais, sociais e de benestar en xeral, con especial protección á terceira idade, a infancia e ás persoas desempregadas..... ata 2 puntos.

5.2.- Actividades realizadas coa finalidade de promoción e fomento do “Camiño Primitivo ”.... Ata 1 puntos .

5.3.- Actividades co fin de dinamizar a Praza e o Mercado de Abastos ..... Ata 2 puntos.

5.4.- Actividades encamiñadas a fomentar a educación cívica (limpeza das rúas, campañas en contra do abandono animal, a favor do medio ambiente..... Ata 2 puntos.

5.5.- Actividades encamiñadas a fomentar o voluntariado.....ata 2 puntos

5.6.- Proxectos levados a cabo na zona rural do Concello..... ata 2 puntos.

5.7.- Actividades que fomenten a democracia participativa..... ata 2 puntos.

6.- Programa de actividades aberto á persoas alleas á asociación que participarán nas actividades:

-1 actividade aberta ..... 1 punto.

-2 ou máis actividades abertas..... 2 puntos.

-Todo o programa..... 3 puntos.

7- Local social propio da asociación (en propiedade ou arrendamento).... 3 puntos.

8- Mantemento en infraestruturas e equipamentos.....Ata 3 puntos.

9.-Actividades encamiñadas á dinamización de barrios emblemáticos da cidade ou que debido a sua traxectoria adquiren a categoría de tradición e referente para a cidadanía en xeral..... Ata 2 puntos.

Non se subvencionará máis dunha actividade do mesmo contido a cada asociación nin cursos ou actividades xa realizadas polo Concello aos que as asociacións teñan libre acceso, salvo aquelas asociacións que demostren unha especial dificultade para poder acceder a estas actividades. En todo caso evitarase, de maneira xeral, a duplicidade.

Limitase a concesión de subvencións para comidas, non podendo incluírse no programa presentado máis dunha comida e sempre que estea incluída esta comida dentro dun programa de actividades máis amplo.

Os gastos presentados terán relación directa coa actividade para realizar.

A contía máxima que se concederá individualmente nesta concellería non poderá exceder de 3.000 euros. As contías que se concedan fixaranse proporcionalmente en función da puntuación obtida en aplicación do baremo anterior.

No caso de que a cantidade da subvención resultante, unha vez sumados todos os puntos anteriormente citados, fose superior ao 80% do orzamento presentado, reducirase esta subvención ata ese 80% citado.

Cuarto. Forma e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes das entidades ou asociacións interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou ben utilizando os medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, por conduto da BDNS. O texto íntegro publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data que hai que ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes. Acompañaranse dos documentos e informacións que se sinalan no parágrafo 2º deste artigo, agás que estes estiveran xa en poder do Concello. Farase constar neste caso a data e

dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderá ter transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

Lugo, 25 de outubro de 2019.- A Alcaldesa (P.D. Decreto número 19005684 do 01/07/2019, modificado polo Decreto número 19005695 do 03/07/2019), a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza do Concello de Lugo, María Cristina López Fernández.

R. 3268

---